



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

E-mail: correo@boimorto.es

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

Web: www.concellodeboimorto.es

REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA). CERTIFICO:

Que a Alcaldesa con data trinta de xuño de dous mil catorce, ditou o Decreto que deseguido se transcribe literalmente:

<<

CONCELLO DE BOIMORTO REXISTRO XERAL	
30 XUN. 2014	
ENTRADA Núm. —	SAÍDA Núm. 1292

Decreto: 209 / 2014

Data decreto: 30/06/2014

Descrición decreto: Convocatoria e aprobación de bases persoal cooperación 2014 socorrista.

DONA ANA LEDO FERNANDEZ ALCALDESA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Vista a necesidade de realización de traballos relacionados cos servizos de apertura e posta en funcionamento da piscina municipal, estando subvencionados o 100% pola Xunta de Galicia Consellería de Traballo e de Benestar os custes salariais do seguinte persoal laboral temporal a contratar con contrato de duración determinada servizo de interese social.

Vista a comunicación vía fax da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Traballo e Benestar con rexistro de entrada núm. 1286 de data 27/06/2014 pola que se autoriza a contratación anticipada por un período máximo de 2,5 meses dun traballador para a realización da obra ou servizo denominado “ Socorrista”.

Visto o expediente tramitado para a convocatoria e aprobación de bases de persoal para proceder a súa selección constando informe de secretaria intervención de data 30/06/2014.

En uso das facultades outorgadas a esta Alcaldía polo artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local en materia de persoal polo presente

RESOLVO

PRIMEIRO .- Proceder á convocatoria e aprobación das bases para a selección de persoal laboral temporal dun socorrista a xornada completa para servizo determinado cós condicionamentos sinalados no outorgamento de subvención pola Consellería de Traballo que subvenciona o 100% os custes deste persoal, aprobando as bases que a continuación se reproducen

“BASES QUE REXIRAN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS SUBVENCIONADOS POLA XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE TRABALLO E DE BENESTAR , POLO SISTEMA DE CONCURSO DUN SOCORRISTA A XORNADA COMPLETA”.

Primeira.- Obxecto da Convocatoria

O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral temporal, mediante concurso; dun socorrista para a piscina municipal.

Esta contratación será a xornada completa (40 horas semanais) por modalidade contractual de contrato de servizo e obra de duración determinada de interese social (supeditada a previsión de duración ó establecido no outorgamento de subvención pola Xunta de Galicia de 2,5 meses) .

O contrato de duración determinada de interese social, rexeranse polo establecido no contrato sendo as retribucións mensuais de 1.094,20 € ao mes estando a paga extra xa prorrateada

Segunda.- Requisitos dos/as aspirantes

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da mesma norma.

“Artigo 57 referido o acceso o emprego público de nacionais doutros Estados: nos seguintes termos:

- Os nacionais dos Estados membros da Unión Europea poderán acceder, como persoal funcionario en igualdade de condicións que os españois ós empregos públicos, con excepción de aqueles que directa ou indirectamente impliquen unha participación no exercicio do poder público ou nas funcións que teñen por obxecto a salvagarda dos intereses do Estado ou das Administracións Públicas.

A tal efecto , os órganos do Goberno das Administracións públicas determinarán as agrupacións de funcionarios contem'pladas no artigo 76 ás que non poden acceder os nacionais doutros Estados.

- As previsións do apartado anterior serán de aplicación calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuge dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estén separados de dereito e os seus descendentes e os do seu cónxuge sempre que non estén separados de dereito, sexan menores de vinteun anos ou maiores de dita idade dependentes.

- O acceso o emprego público como persoal funcionario, extenderáse igualmente ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados po España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, nos termos establecidos no apartado 1 deste artigo.

-Os extranxeiros aos que se refiren os apartados anteriores , así como os extranxeiros con residencia legal en España poderán acceder ás Administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.

Conforme o artigo 1 da Lei 17/1993, de 23 de decembro, en redacción dada pola lei 55/1999 de 29 de decembro, poderán tomar parte nas probas selectivas, ademais dos españois: 1)os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, do Reino de Noruega ou da República de Islandia, 2)os cónxuges dos españois e os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, do Reino de Noruega ou da República de Islandia, sempre que non estean separados de dereito, así como os seus descendentes e os do seu cónxuge, sempre que non estean separados de dereito, menores de 21 anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas.

Os aspirantes que non teñan a nacionalidade española deberán acreditar o cumprimento dalgún dos requisitos anteriores xuntando á solicitude fotocopia compulsada do documento de identidade ou pasaporte. As persoas incluídas no apartado a.2) deberán presentar, ademais, os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo de parentesco e, no seu caso, unha declaración xurada o promesa do español ou do nacional da Unión Europea, de Noruega o de Islandia co que existe este vínculo de que non está separado de dereito do seu cónxuge, ou de que o aspirante vive as súas expensas.

As persoas que non teñan nacionalidade española que superen o proceso selectivo non poderán desempeñar postos de traballo que supoñan a participación directa ou indirecta no exercicio do poder público. A Administración será a competente para determinar cales serán ditos postos de traballo.

b) Poseer a capacidade funcional para o desempeño das tarefas . Non padecer enfermidade nin estar afectado por docencia física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. No caso de minusvalía que non impida o exercicio das súas funcións deberá xustificarse por medio de certificación da Consellería competente da Xunta de Galicia.

c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CCAA nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para oexercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral , no que houbese sido separado ou inhabilitado. De ser nacional doutro Estado no atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado nos mesmos termos o acceso o emprego público.

e) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade có disposto na Lei 53/1984 do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

f) Acreditación da inscrición definitiva ou provisional no Rexistro Profesional de Socorristas de Galicia e deberá presentar acreditación da cualificación profesional de socorrismo en instalacións acuáticas e as titulacións que cumpran cos requisitos de inscrición no rexistro, reflectidos na disposición transitoria única do

Decreto 104/2012, do 16 de marzo. No seu defecto, acreditación da presentación de solicitude de dita inscrición e documentación complementaria no organismo correspondente da Xunta de Galicia.

Serán **requisitos específicos** en aplicación do disposto no artigo 56.3 da Lei 7/2007 os seguintes:

A) Ser persoa desempregada inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego. Este requisito deberá cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de interese social.

B) Non ter sido contratado por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2013 pola Consellería de Traballo e Benestar no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas.

C) Os desempregados deberán reunir os requisitos e características para o adecuado desempeño das funcións aos que faga referencia a oferta presentada na Oficina de Emprego de Melide.

D) Requisito específico de posuír algunha das seguintes formacións, en aplicación do disposto no artigo 56.3 da Lei 7/2007 e no artigo 6 do Decreto 104/2012, do 16 de marzo:

1- Certificado de profesionalidade de socorrismo en instalacións acuáticas (AFDP0109), establecido polo Real decreto 711/2011, do 20 de maio ou

2- Título de técnico deportivo en salvamento e socorrismo establecido polo Real decreto 878/2011, do 24 de xuño, título de técnico deportivo superior en salvamento e socorrismo, establecido polo Real decreto 878/2011, do 24 de xuño, ou calquera outro título de grao medio ou superior de formación profesional que inclúa no seu currículo os módulos formativos asociados a todas as unidades de competencia de cualificación de socorrismo en instalacións acuáticas do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais ou

3- Acreditación de ter superado as catro unidades de competencia da cualificación profesional de socorrismo en instalacións acuáticas, obtidas a través do procedemento, que desenvolva o Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia profesional.

Deberá indicar que titulación é usada como requisito da convocatoria e cal é usada na fase de concurso, sen prexuízo do disposto na disposición transitoria única do Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO COA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN; NON OBRIGATORIA ACREDITACIÓN COÑECEMENTO DO GALEGO

De presentar esta documentación os/as aspirantes que estean en posesión do Celga 2 ou equivalente estarán exentos da realización de proba de acreditación do coñecemento do galego.

De non acreditarse o coñecemento do galego por non presentar méritos neste apartado será obrigatoria a realización dun exercicio-entrevista na data fixada polo Tribunal:

Exercicio de coñecemento de galego, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá nunha proba oral preparada polos servizos de normalización lingüística do concello nun tempo máximo de dez minutos. O exercicio será cualificado de apto ou non apto .

Será correxido e farase proposta de aptitude pola normalizadora lingüística para finalmente adoptarse a decisión polo Tribunal, que será convocado para a realización deste exercicio antes do outorgamento de puntuacións finais e proposta do/a candidato/a.

Terceira.- Presentación de solicitudes e proceso de selección: Concurso

O Concello de Boimorto dará publicidade á convocatoria e as bases de selección por anuncios no taboleiro de edictos do Concello na páxina web, presentará unha oferta de emprego ante a Oficina de Emprego de Melide facendo referencia aos requisitos que debe reunir o/a traballador/a a contratar conforme da anterior base segunda.

O Servizo Público de Emprego realizará unha sondaxe de demandantes, tendo en conta que non poden repetir aqueles que se contratasen por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2013 pola Consellería de Traballo e Benestar no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego para a contratación de persoas traballadoras desempregadas. Aportará alomenos 2 candidatos e non mais de 10 remitindo novos candidatos se o Concello xustifica o incumprimento dos requisitos da oferta ou o rexeitamento voluntario ou incomparecencia dos remitidos, tendo en conta que terán preferencia en todo caso os colectivos sinalados no artigo 10 da Orde do 22 de maio de 2014 no que se establecen os criterios de prioridade entre colectivos para a



realización da selección dos/as traballadores/as desempregados/as que serán contratados/as a través dos programas cooperación para o ano 2014:

- A) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia.
- B) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- C) Persoas paradas de longa duración.
- D) Persoas con discapacidade.
- E) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tiveran dereito.
- F) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- G) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente beneficiarios /as da renda de integración social de Galicia.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

A admisión de candidatos coincidirá coa selección realizada polo Servizo Público de Emprego que presentarán instancias no rexistro xeral do Concello de Boimorto para a participación neste proceso selectivo; solicitude de instancia de participación cuxo modelo se adxunta no Anexo II dirixida ao Sr. Alcalde no Rexistro Xeral do Concello de Boimorto.

A instancia acompañarase de

.-Fotocopia compulsada do DNI

.- Copia cotexada do título ou declaración ou certificado de estar en condición de obtelo título esixido nas bases para a praza antes da sinatura do correspondente contrato.

.- Toda a documentación orixinal ou compulsada acreditativa do cumprimento dos requisitos de participación contados na cláusula segunda destas bases.

.- A relación dos méritos que aleguen, nomeados segundo a orde establecida no apartado de méritos.

A dita relación acompañaranse os documentos xustificativos dos mesmos:

- Cursos de formación relacionados coas funcións do posto de traballo mediante copia compulsada do correspondente título ou diploma que sexan distintos aos utilizados como requisito de participación.

Non serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias.

A documentación presentada deberá ir acompañada pola solicitude que aos interesados se lles facilitará no rexistro do Concello.

Serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web as listas de admitidos e excluídos coa motivación da exclusión elevándose a definitiva a lista provisional de admitidos de non existir excluídos e de outorgando de dous días hábiles aos excluídos, no seu caso, para alegacións sendo necesaria aprobación de lista definitiva.

Trala lista provisional elevada a definitiva ou lista definitiva de admitidos a Comisión seleccionadora procederá á valoración dos méritos do/a aspirante admitido/a .

En ningún caso serán valorados aqueles méritos que non fosen alegados e xustificados debidamente no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que segundo as presentes bases sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren.

Cuarta.- Comisión Seleccionadora e actuación de valoración dos méritos aportados polos/as aspirantes no concurso

Estará integrada polos seguintes membros:

Presidente: O Técnico deportivo do Concello de Mesía, D^a. Elena Roca Moro.


Suplente presidente: O Animador deportivo do Concello de Melide, D. Antonio Gómez Pérez

Vogaís:

1º vogal: A Axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Boimorto, D^a Ana M^a Vallo Camba

Suplente 1º vogal: A Axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Toques, Mónica Seijas Rey

D^a. 2º vogal: O encargado de obras e urbanismo do Concello de Boimorto, D. Luis González Guerra.



Suplente 2º vogal: O encargado de servizos do Concello de Boimorto D. Manuel Vázquez García.
Secretaria: a do Concello ou funcionario/a que legalmente a substitúa.

A Comisión non poderá constituírse sen a asistencia de polo menos tres membros sendo preciso, en todo caso, a asistencia do Presidente e do Secretario.

A cualificación dos méritos para o concurso realizarase pola Comisión seleccionadora, axustándose aos criterios que establece o Anexo I destas Bases, que publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello a relación de aspirantes presentados/as coa puntuación obtida. Tras a valoración da Comisión esta elevará ao Alcalde-Presidente a correspondente proposta de contratación a favor do/a candidato/a que obtiveran a maior puntuación total.

En caso de empate aplicaranse os seguintes criterios recollidos na Orde do 22/05/2014 publicada no DOG núm. 102 de data 30/05/2014 pola que se establecen os criterios de prioridade entre colectivos para a realización da selección dos/as traballadores/as desempregados/as que serán contratados/as a través dos programas de cooperación para o ano 2014, dando preferencia

- A) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia.
- B) Menores de 30 anos en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- C) Persoas paradas de longa duración.
- D) Persoas con discapacidade.
- E) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tiveran dereito.
- F) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- G) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente beneficiarios/as da renda de integración social de Galicia.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

Se algún dos/as candidatos/as inicialmente proposto renunciase á contratación ou non poidese acreditar os requisitos necesarios, a proposta de contratación da Comisión Seleccionadora sería a favor dos seguintes con maior puntuación total, permitíndose a creación de bolsa por decreto da Alcaldía para a cobertura de posibles vacantes, sempre que os aspirantes obtivesen alomenos 1 punto como requisito para formar parte de dita bolsa de emprego que queda sen efectos unha vez xustificada a subvención do Programa de cooperación.

Quinta.- Formalización e duración do contrato

O contrato formalizarase a requerimento da Administración acreditando a presentación polo aspirante de:

A) Certificado médico oficial, acreditativo de non padecer enfermidade ou minusvalía que impida exercer a función propia a desenvolver.

B) Declaración xurada de non estar incurso en incompatibilidade para ser persoal da/s Administracións Públicas, e non ter sido separado do servizo público.

A duración estimada para o posto de socorrista é de dous meses e medio dende a data de formalización do contrato.

Sexta.- Incidencias

A Comisión Seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten e adopta-los acordos necesarios para o bo funcionamento do concurso en todo o non previsto nestas Bases.

Sétima.- Dereito supletorio

O non previsto nestas bases estarase ó disposto na lexislación laboral vixente que resulte de aplicación e, especialmente, ó disposto no Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, e no Real decreto lei 8/1997, do 16 de maio, e demais lexislación concordante en materia laboral así como normativa administrativa EBEP e

demais normativa administrativa básica e de desenvolvemento aplicable en materia de selección de persoal o servizo das administracións públicas.

Oitava.- Norma final.

A presente convocatoria, as súas bases e tódolos actos administrativos que da mesma se deriven e das actuacións do tribunal, poderanos impugna-los interesados no caso e na forma dispostos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

ANEXO I

1.-Baremo de méritos para valorar o concurso praza de socorrista xornada completa (40 horas semanais)

Formación (puntuación máxima 3 puntos)

Valoraranse os cursos de formación e perfeccionamento (non valorando seminarios, congresos, xornadas, módulos, etc que non sexan cursos) seguintes recibidos relacionados directamente coas funcións a desenvolver no posto de socorrista:

- Curso de prevención de riscos laborais: **1 punto**.

- Outros cursos relacionados có posto, indicando cal se usa como requisito de participación que non computará ; 0,25 cada curso ata un máximo de **2 puntos**.

Acreditación destes méritos mediante copias compulsadas dos correspondentes títulos ou diplomas.

ANEXO II

MODELO DE INSTANCIA

D./Dña.....,con DNI número.....e domicilio a efectos de notificacións e comunicación en.....CP.....localidade.....telf.....

EXPON:

I.- Que ten coñecemento da convocatoria publicada e bases para a selección de 1 Socorrista a xornada completa como persoal laboral temporal non permanente do Concello de Boimorto polos Servizo Público de Emprego.

II.- Que está en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases de selección.

Polo exposto,

SOLICITA: Ser admitido ao correspondente proceso selectivo, aportando a estes efectos a documentación que se achega.

Lugar e data

Asdo.:



DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade
-

.....
.....

-

.....
.....

-

.....
.....

- (no caso de ser necesario continuarase ao reverso enunciando a documentación que se achegue)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)>>

SEGUNDO.- Remítase oferta de emprego á Oficina de Emprego de Melide aos efectos oportunos; tamén se fará pública no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web o anuncio indicativo deste procedemento de selección xunto coa certificación deste decreto.

Boimorto trinta de xuño de dous mil catorce

A Alcaldesa

Perante min:

A secretaria

Asdo.- Ana Ledo Fernandez

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

E para que conste onde proceda, expido a presente certificación, de orde e co visto e prace da Sra. Alcaldesa, en BOIMORTO, a 30 de xuño de 2014

Vº Pr.
A Alcaldesa



Asdo.- Ana Ledo Fernandez



